

ACTA

Expediente núm.:

Órgano Colexiado:

PLN/2023/2

O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo	Extraordinaria
Convocatoria	Motivo: «Aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2023»
Data	14 de febreiro de 2023
Duración	Desde as 9:33 ata as 9:55 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Verónica Tourón Domínguez
Secretaria	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	NON
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel Gonzalez Gonzalez	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ



Verónica Tourón Domínguez	SÍ
Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 152/2023. Aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2023

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 5, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sra. Pereira González: O recoñecemento extraxudicial, como xa temos falado noutras ocasións, é un procedemento que nos permite imputar facturas de un exercicio a outro exercicio diferente, neste caso o que nos ocupa son facturas que teñen rexistro de entrada no ano 2022 e que no momento da súa aprobación, non dispuñan de crédito nas partidas orzamentarias correspondentes, polo tanto, non se puideron aprobar e agora co orzamento do exercicio do 2023 en marcha, neste momento prorrogado pero con un orzamento en vigor, esas partidas si que teñen crédito e polo tanto o lóxico e o xusto é aprobar esas facturas o antes posible.

O expediente é moi sinxelo, ten a proposta de Alcaldía, a relación de facturas que se van a aprobar e o informe de intervención e en canto ao listado de facturas son facturas de gasto corrente dende comezos de ano ata o 31 de xullo, é un listado que suma un total de 814.025,06€. A este listado hai que engadirle unha factura da nosa participación no GDR Condado – Paradanta que se traspapelou e a pesar de que contaba con crédito no orzamento, non se aprobou e agora neste momento para facer a aprobación o único mecanismo é a través do recoñecemento extraxudicial de crédito. Polo tanto, o total ascende a 818.434,06€. O listado son 760 facturas aproximadamente, non é cuestión de numeralas unha a unha pero si por facernos unha idea do que hoxe se trae a esta aprobación, hai máis de 300 facturas que suman cerca de 200.000€ que corresponden a gastos de enerxía eléctrica, facturas de traballos, limpeza, desbroces, mantementos de sendas, parques e xardíns por máis de 130.000€, facturas pola xestión de residuos, SOGAMA, COGAMI máis de 100.000€, facturas por importe de 50.000€ en gastos de subministrados, de materiais de papelería, de ferretería varios, en torno a 25.000€ en redacción de proxectos e direccións de obras e outros gastos de mantemento, reparación de vehículos, servizos varios, telefonía, son, transporte, ambulancias, cerraxería e gastos de todo tipo; gastos todos eles necesarios que están realizados, servizos que están prestados



e que como digo neste momento que dispoñen de crédito na partida correspondente é de xustiza aprobalos o antes posible.

O listado detalla o número de factura, a data de factura, a data de presentación, o proveedor, o importe e unha pequena parte do concepto, os caracteres que o programa permite, nalgúns casos é a totalidade do concepto, noutras está cortado pero se pode intuír ou adiviñar o que e noutras é certo que pode precisar unha aclaración. Digo isto porque o Partido Popular como noutras ocasións, solicitou que se inclúsen as facturas, as 760 facturas no expediente e como noutras ocasións se lle dixo que o programa de contabilidade e o de xestión de expedientes son diferentes e non se van a cargar unha a unha as facturas. Como nalgunha outra ocasión se aduciu falta de información para poder aprobar este recoñecemento, que non poñan como pretexto esa falta de información, esas facturas non se subiron porque vostedes as solicitan regularmente pedindo rexistro de entrada e rexistro de facturas e se lles facilitan sempre, polo tanto é unha información que xa teñen, que teñen por duplicado e que só é cuestión de buscar no listado o número de factura que teñen dúbida e contrastala coa factura que xa teñen anteriormente, ou si quixeran un número de facturas prudentes, dez, vinte... se lles facilitarían, as 760 como comprenderán, non é fácil.

O que se trae hoxe aquí é a aprobación desta relación de facturas para proceder ao pago e só quixera lembrar que, creo que foi no pleno de decembro, algún compañeiro do Partido Popular solicitou que lle pagásemos aos provedores no turno de rogos, creo que hoxe teñen a oportunidade de demostrar a súa coherencia e a súa responsabilidade cos provedores votando que si a esa aprobación de facturas para despois poder proceder ao pago.

Sr. Núñez Troncoso: Claro que o dixemos pero no exercicio que lle corresponde e habendo crédito consignado.

A verdade é que escoitando a vostede parece que o que temos encima da mesa e pecata minuta, un expediente sen importancia, pero a realidade é que son 818.000€ de facturas que deixaron vostedes sen pagar do ano 2022, pero é que isto é a punta do iceberg, porque estamos falando de facturas que deixaron sen pagar dende o mes de xaneiro a xullo pero é que falta de agosto a decembro. Xa é curioso que non queiran traer vostedes a este pleno todas as facturas xuntas, porqué non as traen todas xuntas, é que teñen medo de que os veciños se alarmen da barbaridade de facturas que vostedes deixaron sen pagar? E non só o número de facturas, senón o importe total, seguro que estaremos falando de dous millóns largos, seguro, senón tempo ao tempo. Xa lle advertimos que se non o trae canto antes a este pleno mañan mesmo xa lle adianto que pediremos esas facturas que están pendentes de recoñecer.

Teñen vostedes aquí facturas do ano 2021 de combustible á gasoliñeira local, entraron esas facturas entre o día 9 e o 16 de febreiro do ano pasado, se lle debe



dende esa data 6.500€, si esto lle chaman boa xestión cando xa houbo ocasión de poderlle pagar antes, xa nos contará o motivo. Hai facturas dun ano, hai facturas de fai once meses que entraron en rexistro é hai facturas de dez meses. Saben vostedes que se deben facturas de limpeza de edificios municipais dende febreiro do 2022 por 3.250€? Saben vostedes que se deben limpeza de unitarias, do colexio de primaria e do pavillón por 9.600€ dende xullo? Saben vostedes que se deben facturas de telefonía de febreiro do 2022? Aí está o motivo de que lle cortaran a liña fixa a este Concello por unhas cantas veces. Saben vostedes que se deben facturas de limpeza viaria dende marzo do 2022 por 30.600€? Saben vostedes que se deben facturas de desbroces dende xuño de 2022 por 7.850€? Saben vostedes que se deben facturas de cartelería dende abril por 11.600€? Factura de cartelería que se lle cobra o cartel de obra ao veciño cando ven a solicitar unha licenza sen embargo non se lle paga á empresa que elabora ese cartel. Saben vostedes que se lle debe a SOGAMA polo tratamento de lixo por 57.000€ e que aínda está pendente dende agosto a decembro e 2022, aproximadamente, 84.000€? Sabe vostede que se lle debe ás catro ferraxerías que hai neste Concello dende marzo de 2022 máis de 18000€? Saben vostedes que se lle debe a empresas de albañilería, construción e escavacións máis de 88.000€? Saben vostedes que despois de pagar 46.000€ na festa do Cristo aínda quedan 34.600€ sen pagar? Saben vostedes que se deben 1.000€ á Banda de Música de Alcalá de Guadaíra pola actuación no 29 festival de música de Salceda dende o 7 de xullo que entrou a factura? Menuda imaxe transmiten vostedes ao resto de España. Si saben todo isto, porque entendemos que o deben saber, vostedes son uns irresponsables, está financiando o Concello o propio comercio local e empresas locais, lles pagan mal, tarde e ao mesmo tempo financian ao Concello.

Esta é unha mostra máis da nula planificación que teñen vostedes cando aproban o orzamento, e este é o apoio que vostedes manifestan a bombo e platillo ao comercio local? De verdade que este é o apoio que vostedes manifestan? Vou facer un pequeno resumo do que di a interventora que fai o reparo con efectos suspensivos, *“a maioría de facturas e gastos obxecto de recoñecemento extraxudicial que nos ocupan carecen de todo tipo de tramitación administrativa e contable respecto dos cales non consta a xustificación da súa necesidade, fiscalización e autorización previa do gasto”*, tamén menciona nos seus informes *“A reiteración dos reparos emitidos respecto dos distintos gastos e que fan referencia en especial a carencia de contratos por servizos ou subministros que pola súa natureza e carácter reiterado non poden ser considerados como contratos menores”*. Polo tanto, incumprimento da Lei de Contratos do sector público, é dicir fraccionan os traballos e fraccionan as facturas para non quitar a obra a concurso.

Sr. Coto González: O punto que levamos na orde do día xa está explicado pola compañeira Lucía Pereira, Concelleira de Facenda, polo que non me vou espallar. Quero darlle as grazas polo traballo tanto a ela como ao equipo de Intervención e Tesourería do Concello ao longo do ano. O voto do Partido Socialista vai ser positivo e vamos a aprobar estas facturas para intentar e pagarlle a ese provedores que xa realizaron os traballos para todos os veciños e veciñas de Salceda canto antes.



Sra. González Pereira: Empezando polo último que dixo Joaquín, o informe de intervención do recoñecemento extraxudicial de crédito sempre ten reparo con efectos suspensivos e é precisamente este pleno quen o ten que levantar. Si alguén ten urxencia por traer o recoñecemento crédito a aprobación do pleno é este goberno, pero non é tan simple como coller as facturas e traelas como dixo vostede que vai coller as facturas, si as facturas están no rexistro xa as ten de feito, as facturas hai que tramitalas. Precisamente en canto unha parte das facturas estiveron tramitadas se pechou un expediente e se trae a este pleno e o próximo, evidentemente, se traerá o máis pronto que poidamos, que xa lles anticipei que posiblemente para o ordinario non da tempo pero que será na primeira quincena de marzo máis ou menos, xunto co orzamento, porque ademais hai que asegurarse de que todas as facturas teñen partida dotada no orzamento e senón dotala, igual que as facturas de inversión que teñen que ter tamén o seu apartado no orzamento.

A cifra é elevada, sabémolo, somos conscientes delo e gustaríanos que fose máis pequena pero dígame cal destas facturas cree vostede que non é necesaria? Todos os gastos que se inclúen nesta relación son traballos e servizos necesarios. O problema que ten Salceda igual que outros moitos Concellos da contorna e das mesmas características, é o desfase entre gastos e ingresos. Os Concellos temos un elevado número de gastos por competencias que vamos asumindo, por traballos que vamos facendo que non nos corresponden, pola carestía xeral que se viviu nos últimos tempo e os ingresos seguen sendo os mesmos. Os Concellos necesitamos financiación para poder levar a cabo todas as tarefas, todos os servizos que se nos encomendan.

Como sempre lle digo o que hoxe se vota aquí non é a xestión económica do goberno, sabemos perfectamente que facturas van, ademais tamén xa as enumerei eu na miña primeira quenda, o que se vota hoxe aquí é a aprobación destas 760 facturas para poder proceder a partir de mañá, o pago aos provedores e polo que vexo, si por vostedes fora, polo seu voto quedarían sen cobrar. Repito que si se lles vai poder pagar aos provedores será cos votos deste goberno, Movemento Salceda e Partido Socialista.

Sr. Núñez Troncoso: Solo faltaría que non lle quixeran pagar aos provedores despois de encargarlle os traballos, nós non estamos votando en contra de pagarlle aos provedores como vostede pretende dicir, estamos votando en contra da nefasta xestión económica de todo o goberno. Decía vostede antes que temos toda a información, nós cando pedimos as facturas por rexistro, que están pedidas dende fai unha semana e vostede non nos la quere facilitar, é porque falta información nesta relación e lle vou poñer uns cantos exemplos a ver si vostede nos pode aclarar: Servizos varios de albañilería mes de maio 3.206€, onde se fixeron eses traballos? Supoño que no concepto da factura virá algo máis, nós con isto non sabemos onde se fixeron eses traballos. Sigo, aglomerado na parroquia de Budiño traballos de bacheo e reparación no seguintes lugares, non sabemos nada máis,



24.902€. Vinte horas retroescavadora 3.093€, sae a hora a 155€, quero pensar que na factura haberá algo máis pero nos non o sabemos por iso pedimos a factura, falta información por eso pedimos as facturas, Sra. Concelleira. Sinalización horizontal, traballos varios, nada máis, 3.719€. Servizos de albañilería mes de xuño 3.297€, o mesmo de antes, onde se fixeron? Anticonxelante 419€, isto aínda da para uns cantos litros.

Reitero e volvo a repetir, nós non estamos en contra de pagarlle aos provedores, claro que hai que pagarlle polos traballos feitos, pero vostedes na maioría dos casos hai moitas facturas que xa se puido pagar antes, porqué non o fixeron? Tiveron un pleno cando aprobaron o orzamento e aprobaron o segundo recoñecemento extraxudicial de crédito o 25 de marzo, hai facturas que entraron en febreiro, porqué non lle pagaron xa aí si tiveron a ocasión? E que lles da igual, a vostedes lles da exactamente igual, sexa un pequeno comercio, sexa unha pequena empresa e o máis grave, que a maioría delas son empresas locais, pero a vostede lles da exactamente igual. Remato incidindo no mesmo, nós non estamos en contra de pagarlle aos provedores, estamos en contra e prova dela aquí o temos enriba da mesa, da nefasta xestión económica deste Concello.

Sra. Alcaldesa: Creo que é enganar a xente decindo que puidemos haber pagado antes. O Partido Popular é coñecedor dos procedementos que se teñen que facer e que se teñen que tramitar para poder pagar este recoñecemento extraxudicial de crédito e proba delo é o que estamos a facer hoxe aquí, pasar por pleno esta listaxe de facturas, este recoñecemento, para poder pagarlle aos provedores. En canto a que nos da igual si temos un comercio local ou unha empresa de fora, unha máis grande ou unha máis pequena, o Partido Popular tamén debería ser coñecedor de que tamén están marcados uns establecementos e as facturas e os recoñecementos extraxudiciais de crédito hai que pagalos por orde, independentemente de quen sexa a empresa, non podemos facer esa distinción e creo que o Partido Popular é coñecedor diso e senón non o é a estas alturas, debería selo. Desgraciadamente non somos o único Concello que temos un orzamento pequeno para todos os servizos que presta, de feito imos prestando cada vez máis servizos, facéndonos cargo de servizos que necesita e que son necesarios para a veciñanza que non son en moitos dos casos a nosa competencia e que temos que ir asumíndoos co que iso implica nas contas dun Concello como o noso.

Este é un paso que temos que dar para poder pagarlle a eses provedores dos cales, por suposto, somos conscientes que existe esa débeda e hoxe o que votamos aquí é esa aprobación a ese recoñecemento extraxudicial de crédito para poder pagar aos provedores estas facturas.

Paso a dar lectura a proposta de acordo seguinte:

“Resultando preciso recoñecer obrigas pendentes de aplicar ao Orzamento cando está constatada a efectiva prestación dos servizos e subministros de bens e servizos



por parte dos terceiros, e constan no expediente as facturas e documentos xustificativos acreditativos de cada un dos gastos debidamente conformadas polos responsables dos distintos órganos xestores do gasto.

Considerando que o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, establece: "Corresponderá ao Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria..."

Visto o informe da Interventora municipal núm. 2023-0011 coa correspondente nota de reparo.

Considerando que o artigo 217.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (R.D. Legislativo. 2/2004, de 5 de marzo) atribúe ao Pleno da Entidade a resolución dos reparos formulados pola Intervención municipal cando é por insuficiencia ou inadecuación de crédito.

En atención ao exposto, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2023 correspondente a exercicios anteriores que se relacionan no expediente núm. 152/2023, facturas do 01.01.2022 ao 31.07.2022 e cuota do GDR, ascendendo a un total de 818.434,06 euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2023, nesta data prorrogado do ano 2022; previo levantamento do reparo formulado ao efecto pola Intervención municipal."

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta **APROBADA** por **SETE** votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(3) e **CINCO VOTOS EN CONTRA** dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte **ACORDO:**

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2023 correspondente a exercicios anteriores que se relacionan no expediente núm. 152/2023, facturas do 01.01.2022 ao 31.07.2022 e cuota do GDR, ascendendo a un total de 818.434,06 euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2023, nesta data prorrogado do ano 2022; previo levantamento do reparo formulado ao efecto pola Intervención municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



